

ROUCCO

SON

Falamos de rock en galego


Número 30- Xuño 2023

Publicación gratuíta
Colle unha!

**ASTAROT
DIOIVO
BUXA**

**CONDUCTO COLOQUIO
ARDORA
DEMENCIA SONORA**

**GALLEGO COMÚN
NAITINAIN
PARA ENTRAR A VIVIR**



Para conmemorar o Día das Letras Galegas 2023, o grupo de rock duro e heavy metal cangués Astarot lanzou un novo videoclip interpretando o clásico da música galega “Lela”. Este foi gravado en directo xunto á cantante Lucía Pérez, no concerto polo 40 aniversario da banda celebrado no Auditorio de Cangas do Morrazo, que se encheu ao completo.

Neste concerto especial, a celebración dos seus catro decenios de traxectoria, estiveron acompañados por máis de 20 invitados sobre o es-

cenario: Bieito Romero, Xan Cerqueiro, Irma Macías e Pedro Valero de Luar Na Lubre, Alberto Cereijo de NEO e Los Suaves, Rosa Cedrón, Bieito Romero Dieguez de Luar Na Lubre e Breo, Tonhito de Poi de Heredeiros da Crus, Xosé Luís Rivas “Mini”, Josito Porto, Vituco Neira de Ruxe Ruxe entre outras bandas, Lucía Pérez, Raquel Pato e Dani Camañó.

A ocasión non era para menos, xa que o hoxe quinteto é unha das formacións galegas máis vetera-

nas en activo e uns pioneiros do hard rock e o heavy metal en Galicia. Ademais levan dende finais dos anos 90 facendo música en galego e con influencias da música tradicional do país.


Xunto á banda, Lucía Pérez, interpretou precisamente “Lela”, esa lendaria canción que narra a historia do boticario namorado escrito en 1941 por Castelao dentro da súa obra Os vellos non deben namorarse. A autoría da música, por outra banda, foi disputada durante moito tempo, pero uns documen-

tos achados hai uns anos apuntaron a Rosendo Mato Hermida como verdadeiro compositor da mesma.

Lucía Pérez, natural do Incio, foi a primeira cantante galega que participou en Eurovisión, concretamente na edición de 2011. O evento, por outra banda, estivo organizado por Mirmidón Producciones, cun equipo técnico de arredor de 30 persoas. O espectáculo foi gravado en directo, coa realización de Jose M. Táboas de Imaxenium Produccións e o rexistro sonoro a cargo de Manuel Martínez de Sonacustic.

Astarot lanza un vídeo interpretando “Lela” xunto a Lucía Pérez no seu concerto polo 40 aniversario





O novo sinxelo será o primeiro dunha vintena de temas que estarán gravados no próximo traballo discográfico de Astarot, co que a banda acada máis de catro décadas de traxectoria musical. O seu amplo repertorio inclúe os temas de álbumes de estudio como *Dónde se hospeda el pasado* (1990), *Respirando* (1994), *Apuesta y Gana* (1996), *Xacobeo '99* (1999), *O Sentir dunha Terra* (2000), *Longa Noite de Pedra* (2005), *Séptimo Pecado* (2013), *Una vida en un segundo* (2017) e *Baixo a Luz de Breogán* (2022).

Neste último álbum xa contaron coa colaboración de varios membros da agrupación folk Luar na Lubre, e optaron unha vez máis por musicar poemas de autores como Celso Emilio Ferreiro, Xela Arias, Rosalía de Castro ou Federico García Lorca. Carlos Gandón, guitarrista, é o único membro fundador do grupo que fica na formación, na que tamén podemos atopar a membros de longa traxectoria no grupo como Carlos Rodal (baixo). A última incorporación ao mesmo é a do guitarrista Nano Vikendi, tamén membro da mítica banda galega de power metal progresivo Tálesien.

Dioivo lanza novo videoclip, “Cabeiros”, pertencente ao seu novo álbum



O dúo vigués de metal en galego Dioivo acaba de lanzar o seu novo videoclip «Cabeiros», dirixido por Brais Gómez Salvador. Este tema foi o derradeiro adianto do vindeiro álbum da banda, *Cara os Ceios Incrementes*, antes do seu lanzamento o día 9 de xuño polo selo discográfico grego Sleazy Rider Records. O selo, fundado en 1999 e especializado en música metal internacional, fichou recentemente aos vigueses para editar este traballo, que será o seu cuarto disco e o seu segundo álbum de estudio completo, logo de dous EPs e varios sinxelos e maquetas gravadas dende o seu nacemento en 2016.

«Cabeiros» é un tema que o propio grupo describe como anómalo na súa traxectoria, explorando ritmos máis lentos propios de estilos como o groove metal ou o doom metal. É o último de varios temas incluídos en *Cara os Ceios Incrementes* e

que xa viron a luz previamente. Entre estes, destaca a adaptación do poema homónimo de Florencio Delgado Gurriarán «Hai sede na Nova Galicia», que lanzaron para conmemorar o Día das Letras Galegas 2022 e ao que pertence o verso que serve como título do álbum.

Tamén cabe mencionar a súa versión de «Unha de guerra» do mítico grupo vigués dos anos noventa Desvirgheitors, que conta coa colaboración da baixista orixinal desta última formación Pili Dios e que foi parte da recompilación *Ferro e Pedra: Homenaxe aos Precusores*, coa que varias bandas renderon tributo a agrupacións galegas pioneiras co motivo do Día das Letras 2023. Esta última canción é incluída no novo álbum do dúo vigués xa como tema extra, ao igual que a súa colaboración con Xosé Luís Méndez Ferrín lanzada en

2021, «Retorno a Tagen Ata».

O videoclip do tema foi dirixido, gravado e editado por Brais Gómez Salvador, colaborador habitual de Dioivo. Tamén tiveron a súa signatura os videos lanzados polo grupo para as cancións «Lobishomes» (2019), «Golpe por golpe» (2021) e «Retorno a Tagen Ata» (2021). O vídeo foi gravado nas ruínas da finca Villa Solita de Alcabre, unha antiga casa señorial do século XIX de propiedade municipal e rehabilitada para acoller diversas actividades, como os ciclos de concertos veraniegos *Curiosidades Solita*, nos que tamén participou o propio dúo o ano pasado.

Ademais dos adiantos xa mencionados, o novo álbum de Dioivo inclúe tamén unha musicalización do poema de Darío Xohán Cabana «Que importa que nos craven as cadeas», incluído orixinalmente no seu libro

de 1970 *Verbas a un Irmão*, coa que o grupo pretendeu homenaxear ao célebre poeta lugués logo do seu falecemento en 2021. Tamén fan parte do álbum novas versións de vellos temas da banda que non chegaran a facer parte doutros traballos, como «O rei», a partir dunha demo do ano 2016, ou «Ata o final». Esta última pertencía ó repertorio de Rust in Peace, o grupo no que militaban os dous membros de Dioivo antes da fundación deste último.

Cara os Ceios Incrementes foi gravado, mesturado e masterizado en Vigo no estudio DS Audio por Dany Soengas, membro de bandas viguesas como *Atreides*, *Skydancer* ou *Lardelúa*. Dioivo leva traballando con el para as súas gravacións dende a de «Retorno a Tagen Ata», e xa está de novo no seu estudio traballando nun novo proxecto que verá a luz axiña. O baixo da versión de «Unha de Guerra» a cargo de Pili Dios, por outra banda, foi gravado por Jean Marc Van Loo. O deseño do álbum foi realizado polos arxentinos Core76 Studio, que colaboran habitualmente con Sleazy Rider Records.

Dende que o batería Daniel Valladares Otero e o guitarrista e vocalista Jacobo Mourinho Almeida crearon Dioivo, teñen lanzado varios traballos discográficos. O EP *Dioivo I* foi autoeditado pola banda en 2016, e incluíu na súa versión en CD o primeiro tema da banda, «Sempre pola morte esperas», co que puxeron música a Rosalía de Castro. Por outra banda, o álbum *Dioivo II* e o EP *Dioivo III* foron lanzados pola discográfica especializada andaluza *Darkwoods* en 2019 e en 2021 respectivamente. Daniel e Jacobo teñen percorrido toda Galicia presentando a súa proposta en directo, e foron finalistas nas edicións de 2016, 2017 e 2022 do concurso *Xuventude Crea* da Xunta de Galicia, facéndose co segundo premio do mesmo nas dúas primeiras. O dúo avanzou que anunciará axiña as datas de presentación do álbum en Galicia, e tamén no resto do Estado, onde teñen tocado en localidades como Segovia ou Amurrio.

«Si, quero», o novo sinxelo e videoclip de Buxa



O pasado día 5 de xuño, coincidindo co Día Mundial do Medio Ambiente, Buxa publicou o seu último videoclip, do tema “Si, quero”. O vídeo trata, explica a banda, «sobre a xeración e xestión irresponsable de residuos e sobre algúns dos problemas derivados desta situación». Esta canción pretende ser a súa «pequena aportación para concienciar á sociedade da importancia de botar o freo ó desenvolvemento insustentable e á degradación do noso planeta». A obra foi realizada e completamente autoeditada pola banda, tanto na música como nas imaxes, exceptuando os vídeos aéreos tomados nun vertedoiro de Indonesia, pertencentes a un repositorio online de imaxes.

Buxa é unha banda de post rock instrumental con influencias do stoner metal fundada no Grove. Está formada por Marcos Pou na batería, Paco Míguez no baixo, e Alex R. Moreira e Rodrigo Trigo nas guitarras, e están comezando o seu percorrido polos escenarios tras anos de composicións e ensaios. A banda xurdiu en 2018, «basicamente pola necesidade vital de facer música e divertírense tocando», explica a propia banda. As súas maiores influencias ou referencias «veñen da década dos 90, dos sons característicos deses anos, de diversos estilos como poden ser o rock progresivo, o grunge, o stoner, o metal ou incluso o pop, entre outros», indican. O seu principal obxectivo dende os comezos foi «acadar ese son propio que nos identifique, tendo en conta todas as nosas referencias musicais dende unha perspectiva actual, e aplicalo en temas que van avanzando por distintas partes con diferentes texturas sonoras».

O protagonismo na súa música recae na mestura de «sons pesados» con melodías que «fan de fío condutor ó longo das composicións», tratando así de «contar unha historia a base de xogar cos sons, cos ritmos e coas dinámicas». Teñen cinco sinxelos, con sete temas autoeditados en total, publicados en plataformas de música en liña.

En 2022 lanzaron «Mestre», que foi o seu primeiro videoclip, realizado en colaboración coa productora SI-RADELLAfilms. Foi presentado o sábado 29 de outubro de 2022 no auditorio municipal do Grove, nun acto colectivo de homenaxe realizado para conmemorar o centenario, no seu 101 cabodano por mor da pandemia, do falecemento do escritor Luís Antonio Mestre. Teñen pasado pola Festa do Marisco ou o Mercado de Nadal do Grove, polo pontevedrés Tronkobar ou pola canguesa Sala Son, e en setembro estarán no Pub Transylvania de Vigo como parte do Vigo Psych Fest.

CANDO DESVIRGHEITORS TIROU BEEF A BIBIANO E Á MOVIDA VIGUESA NOS 80



Estase a falar de beefs en Galicia! Logo dunha serie de desencontros previos que agora están relatando nas súas cancións, o dúo de hip hop compostelán Boyanka Kostova subiu, o pasado 15 de abril, dous vídeos a Instagram cunha canción adicada ao xa extinto grupo Sondarúa, procedentes de Ponteareas e que tamén facían hip hop en galego. No vídeo, unha gravación de pantalla dun móbil, pódese ver que o tema levaba listo meses, pero foi subido apenas un día despois do último concerto de Sondarúa, que xa anunciara a súa separación. Daba comezo así un beef que non parece aínda estar pechado entre os dous grupos de rap en galego, seguramente o máis sonado e directo dos que teñen existido nesta escena.

Esta primeira canción, titulada «Infeliche», só esta dispoñible para ser escoitada nestes dous vídeos no perfil de Instagram do grupo. Nela, Cibrán, rapeiro que conforma o duo compostelán xunto ao produtor Chicho, critica a música e as letras de Sondarúa, acusándoos entre outras cousas de ser «aspirantes a Che Guevara porque sabedes que en Galicia hai un círculo que vos ampara», e facendo referencia a ataques previos dirixidos contra eles por parte dos membros de Sondarúa. Entraban así en conflito dous xeitos moi diferentes de enfocar o rap en galego: o de Boyanka, de corte máis moderno pero mesturado con letras costumistas e cunha forte influencia de subxéneros como o trap, e o de Sondarúa, máis clásico e influído en boa parte polo rap político popularizado no Estado por Los Chikos del Maíz.

Tiveron que pasar 5 semanas e media para que o 24 de maio respondese un dos membros de Sondarúa, pois só o fixo un dos membros do xa desaparecido grupo de Ponteareas, o rapeiro Hugo Guezeta. Este aproveitou a ocasión para lanzar a súa carreira en solitario, cunha nova canle de Youtube e subindo o tema en todas as plataformas dixitais, previo anuncio nos días anteriores. O título do tema. «A derradeira lección do mestre», a imaxe do cadro co que Castela homenaxeou a Alexandre Bóveda, fai referencia a un verso de «Infeliche», onde Boyanka Kostova acusaba aos de Ponteareas de empregar reiteradamente a figura de Bóveda como recurso lírico nas súas cancións.

Hugo Guezeta respondeu ás acusacións dos composteláns, sinalándoos entre outras cousas por aparecer na TVG e recibir axudas da Xunta de Galicia, criticando o uso do au-

totune e facendo varias referencias a cancións de Boyanka. O tema foi producido por Peter Petrowski de Ezetarre, outro grupo de hip hop galego, que cesou a súa actividade hai uns anos logo de varias controversias que afectaron aos seus membros.

Apenas un día despois, e de novo en forma de vídeo rápido en Instagram, xa estaba fóra a resposta do dúo de Compostela, «Movidas gaiegas». Cibrán lembrou a axuda da Xunta recibida tamén por Sondarúa, e afeou a Hugo Guezeta que «o teu tema son os comentarios do noso instagram», en referencia ás coincidencias entre os versos do pontareán e as críticas recibidas nos comentarios de «Infeliche». Estas críticas están sendo en boa parte provintes de xente vencellada ao BNG, partido político no que tamén milita o de Sondarúa.

Tamén colleu o micrófono Chicho, que, de xeito case falado e casual, explicou a súa versión dos feitos que lles levaron a sacar o primeiro tema. Hugo Guezeta anunciara inicialmente nas súas historias de Instagram que non continuaría o beef e só sacaría un vídeo explicando a súa versión, pero logo borrrou esta historia, polo que a liorta aínda podería prolongarse máis. En todo caso, moitas das temáticas xa tratadas nel trouxéronnos á mente algo do que vos falaremos axiña...

Este conflito resulta relativamente novedoso no panorama do hip hop en galego e no da música galega en xeral, por afectar a dúas bandas habituais nos festivais e nas salas de todo o país, con centos de miles de visitas nas súas cancións en plataformas dixitais, e polas cuestións políticas de fondo que salpicaron o beef. E, como tal, está tendo un gran seguemento tanto nas redes sociais como nos medios de comunicación, e está habendo posicionamentos implícitos ou explícitos por parte dunha gran porción da escena musical galega.

Porén, este non é, obviamente, nin de lonxe o primeiro conflito entre artistas galegos, nin o primeiro que chega ao interior do estudio de gravación. A maioría destas leas dase entre bambalinas ou con referencias máis ou menos veladas e máis ou menos breves en cancións aquí e acolá, case sempre sen mencións directas. Pero hoxe traémolos o exemplo doutro diss track en toda regra que é histórico e pioneiro na música galega, e uns 35 anos anterior aos anteriormente mencionados: «La movida de Vigo», de Desvirgheitors.

Eran os anos 80 en Vigo, e aínda que xa puideramos escoitar rama-



lazos de hardcore punk na música doutros grupos, como nos primeiros traballos de Siniestro Total, o estilo aínda estaba a nacer en Galicia, e Desvirgheitors foron un dos primeiros exemplos dos grupos de puro hardcore punk que axiña dominarían o subterráneo galego, con nomes como os de Fame Neghra, Dirty Barrighitas, Néboa, Juerga General, Prap's, Eutanásia Activa ou The Feixons. Un dos temas do primeiro repertorio do grupo era este «La Movida de Vigo», no que desataron un despiadado ataque sobre este movemento oitenteiro liderado musicalmente por Golpes Bajos, Aerolíneas Federales, Os Resentidos, Semen Up ou os propios Siniestro.

Este movemento compartía nome coa Movida Madrileña, e tamén boa parte das súas controversias. Tamén cabe mencionar como impulsor da Movida autóctona a Bibiano, cantautor que fora pioneiro do rock progresivo en Galicia a finais dos anos 70 e que logo tería un papel central neste movemento como promotor musical e propietario da sala Kremlin.

A principal gravación que se conserva de «La Movida de Vigo» per-

tence á primeira maqueta de Desvirgheitors, editada de xeito totalmente caseiro e distribuída pola propia banda a finais dos anos 80. É difícil aseverar a data exacta, xa que a maioría de fontes de internet sinalan o temperán ano de 1987, mentres outras apuntan a 1989, e ningunha aporta probas fotográficas inequívocas da aseveración. A calidade de son non é moi boa, incluso dentro do que adoitaban ser as casetes da época, xa que os temas desta maqueta foron gravados na sala de ensaio que empregaba a banda. E esta sala pertencía nada menos que aos propios Siniestro Total, sendo o membro do grupo Julián Hernández quen gravou a maqueta para o grupo! Fica pendente unha entrevista a tanto a Hernández como aos membros de Desvirgheitors para coñecer máis a fondo os detalles desta curiosa coincidencia.

En todo caso, Desvirgheitors foron coñecidos por non ter reparos en atacar a quen fose necesario en calquera circunstancia. Nunha ocasión, nun concerto organizado polo Concello de Vigo, o Rock'in'verno, o grupo fixo caso omiso aos con-

sellos da concelleira de Cultura de non interpretar o seu tema «Soto HP», unha versión de The Exploited na que atacaban ao entón alcalde de Vigo, Manuel Soto, daquelas no PSOE.

Outro curioso episodio, bastante similar pero con diferente final, ocorreu nun concerto na praza de Santa María de Lugo, onde se ubica a Catedral desta cidade. Segundo relata o xornal El Progreso do mércores 18 de maio de 1988, os membros de Desvirgheitors comezaron nada máis saír ao escenario a berrar frases como «me cago en Cristo, luego existo», «aquí podemos estar tranquilos que no hay Dios, ni ahí tampoco», «es igual porque soy ateo y me meo y me cago en Dios», «vamos a comerle los cojones al hijo de puta del obispo» ou «vamos a asaltar la Catedral».

O Concello de Lugo rematou cortando a electricidade para evitar o concerto, e a Policía identificou aos membros do grupo e deteu a un dos asistentes ao concerto por amosar os seus xenitais diante deles no escenario en sinal de protesta contra a intervención. Pódese apreciar audiovisualmente como a gastaba

o grupo naqueles anos nun anaco dun programa da TVG de 1989 no que participaron xunto á banda de thrash metal Xudef Klas, sendo entrevistadas polo omnipresente Gayoso (a ligazón a este programa na web da CRTVG está dispoñible na versión en liña desta reportaxe, na nosa web).


«La Movida de Vigo» é un tema de menos de 2 minutos con apenas un puñado de versos, pero nel realízanse ataques máis directos e certos que en moitos beefs de rap. Xa dende o título, que menciona aos atacados de xeito directo, sabemos que o tema non vai andar con metáforas ou indirectas. Escoitándoo agora, destaca inmediatamente polos enormes paralelismos entre as acusacións realizadas por Desvirgheitors contra as figuras da Movida e as intercambiadas entre Boyanka Kostova e Sondarúa, coa diferenza de que este foi un beef moito máis asimétrico e unilateral, lanzado por unha banda pequena e non respondido polos grandes nomes aos que aludían.

As acusacións relativas ao consumo de drogas sempre foron un lugar común neste tipo de enfron-

tamentos, e podemos atopalas tanto nos temas de Hugo Guezeta e Boyanka como no de Desvirgheitors, que relata en referencia aos artistas da Movida como «gilipollas llenan sus bolsillos, se inundan de coca». E a cuestión de achar o éxito dun artista ao apoio institucional e empresarial e ao círculo hermético de artistas asentados ao que pertence tamén aparece nitidamente nesta canción: «hablan de movida en revistas de moda, y de lo que viene y va que solo ellos montan». O retrouso do tema ofrece un bo resumo da mensaxe do grupo de hardcore punk nesta canción: «la Movida es falsa, la Movida es una mierda, la Movida es un truco, la Movida no interesa».

Das bandas das que temos falado nesta reportaxe, Desvirgheitors, polo menos nesta altura, era a única verdadeiramente subterránea e allea ao circuito máis institucionalizado. E aínda así, podemos constatar como participaron de varias iniciativas apoiadas e organizadas polas institucións, como é normal. Así que a acusación de estar ao abeiro do institucional sempre ten moitas aristas, e máis no caso do conflito entre Boyanka e Sondarúa. É menos institucional e ten menos apoio da Xunta un festival alternativo e reivindicativo como os que proliferan no verán galego e que reciben moi cuantiosas axudas públicas, que unha actuación na TVG ou nos concertos no Xacobeo? É non institucional ter o apoio dun dos principais partidos presentes nas institucións de Galicia? Realmente, non.

Desvirgheitors non se corta de dar nomes, e como nos diss tracks de hip hop máis directos, apunta directamente: «todo esto es un montaje que Bibiano pagará». A pesar da contundencia e memorabilidade do tema, este non sería incluído na seguinte maqueta do grupo, como si o foron outros dos primeiros temas do grupo. Esta seguinte maqueta, lanzada en 1991, lograría unha distribución moito



maior que a anterior, vendéndose máis de 500 copias por todo o Estado e logrando varios recoñecementos, unha gran proeza para unha banda das características de Desvirgheitors na época.

Nunca chegaríamos poder desfrutar dunha versión gravada con máis medios e calidade, pois, para 1992, Desvirgheitors xa dera unha viraxe definitiva no seu estilo cara ao crossover thrash, mesturando o seu hardcore punk co metal en cancións xa máis longas e elaboradas. O único LP do grupo, gravado nesta última etapa e lanzado en 1993, apenas conserva ningunha das cancións do seu repertorio anterior, con excepcións como «Pintura rosa», que actualiza o «Chámalle X» da maqueta de 1991. Porén, este LP é igualmente clave na historia da música galega, sendo un traballo pioneiro tamén por incluír un elevado número de temas en lingua galega. Xa vos temos falado máis en profundidade disto noutras repor-

taxes, como a que fixemos sobre as orixes do metal en galego, dispoñible na nosa web e no primeiro número en papel.

Por outra banda, a movida de Vigo tamén se diluiría totalmente cos anos, aínda que deixaría unha fonda pegada na música viguesa e galega, e a súa influencia é debatida aínda a día de hoxe. Bandas como Os Resentidos seguen activas, mentres que a máis popular delas, Sinistro Total, aínda finalizou a súa andaina apenas o ano pasado (isto sen contar ao seu exmembro Miguel Costas, que si que segue en activo). Xa teñen corrido moitos ríos de tinta sobre toda esta escena, e hai ata documentais, así que non ten sentido estenderse moito máis con ela.

Esta claro que os beefs teñen unha grande importancia cultural e deixan unha fonda pegada na escena polo grande interese que a controversia esperta tanto entre a xente como entre os medios de co-

municación. A música galega segue tendo un número relativamente escaso destes conflitos, polo que en certo modo é benvido que ocorran, como un síntoma máis da normalización da nosa música, especialmente se esta está feita en galego. En todo caso, non é algo novo e de agora, como a historia da canción de Desvirgheitors demostra.

A sombra de dúbida sobre se estes conflitos están previamente pactados polas partes para gañar notoriedade, como finalmente adoita pasar dado o interese que suscitan, sempre axexa. De feito, unha acusación recorrente que os artistas en litixio lanzan uns aos outros é a de que o contrario só o fai «para gañar visitas», aínda que, no caso de Boyanka Kostova, a banda máis coñecida e que só publicou os temas en instagram a diferenza do de Sondarúa, isto parece pouco probable. E, tendo en conta a virulencia dos ataques e os audios de whatsapp que están saíndo á luz, parece cada vez menos probable que o beef de Boyanka e Sondarúa estivese pactado, a pesar da conveniencia que supuxo para a carreira en solitario de Hugo Guezeta. Dende logo, é evidente que o que non foi pactado foi o de Desvirgheitors, que non chegou ser respondido.

Outro aspecto positivo deste tipo de leas é que xeran moito debate, e iso adoita ser bo para a escena. Porén, esta claro que, na súa maioría, a xente que máis fala sobre o tema é moitas veces xente que xa tería unha opinión prefixada sobre o conflito antes incluso de escoitar os temas, sexa por gusto persoal ou por afinidade ideolóxica con algunha das partes en liza.

Só cabe agardar que, co paso do tempo, vexamos máis beefs espontáneos de todo tipo entre artistas galegas, xa que nunha escena normal e normalizada estes xurden de xeito inevitable. Ademais, a música é un dos mellores xeitos de dirimir conflitos que poderían coller, e moitas veces collen, outros cauces. Porque, por moito que se diga, a todos nos causan un grande interese e dan moito que falar, e iso, para a música galega e en galego, adoita ser bastante beneficioso.

Dez bandas lanzan un tributo ao rock galego das últimas catro décadas con motivo do Día das Letras Galegas

Ferro e Pedra: Homenaxe ós Precursores é o título dunha recompilación tributo ao rock e o metal galegos das últimas décadas, creada por 10 bandas de todas as partes de Galicia. Lanzada neste Día das Letras Galegas 2023, nela aparecen versións de bandas moi diversas. Dende as máis coñecidas, como Los Suaves ou Los Piratas, ata bandas subterráneas como Detestor ou Consumatum Est, e dende o folk rock de Nordés ata o heavy metal de Épsilon ou o metal extremo de Nowhere. Todas as bandas versionadas teñen en común o xa non estar activas a día de hoxe e o ter sido no seu momento pezas clave da escena rockeira e metaleira das súas respectivas cidades e vilas.

Entre as bandas que gravaron as versións atopamos a Aquelarre, Amenaza de Muerte, Barbarian Prophecies, Dioivo, Mileth, Pneura, Schwarzenegger, Somos Nos, Xerión e Xhamain. Cada unha destas bandas galegas seleccionou un tema dunha banda histórica da súa zona, dando lugar así a un traballo conxunto que abrangue catro décadas de rock e metal de toda Galicia.

Polo momento, as cancións están dispoñibles para a súa escoita en Youtube, pero axiña estarán tamén nas demais plataformas dixitais de música. Co tempo, as bandas impulsoras planean estender o proxecto a máis agrupacións, para realizar unha edición física en CD do traballo. A portada do mesmo foi realizada por Trönnner Graphics.

Aquelarre, banda de power metal viguesa, versionou a que seguramente sexa a canción máis coñecida contida na recompilación, “Años 80” de Los Piratas. O tema de 2001 lanzado pola banda de Iván Ferreiro


pertence ao seu álbum Ultrasónica, o penúltimo da formación de pop rock e indie antes da súa disolución en 2004.

A banda de deathcore Amenaza de Muerte, radicada a medio camiño entre Malpica e Compostela, foi a encargada de versionar o tema máis recente do traballo, “Overdose”, composto orixinalmente polos composteláns Mutant Squad e lanzada en 2013. Esta coñecida banda de thrash metal foi fundada no ano 2007, e en 2015 cambiou o seu nome a Mutant.

Os lucenses Barbarian Prophecies, por outra banda, son unha agrupación de death metal xa de por si con moita historia, pois levan en activo dende o ano 2000. Pero a banda que versionan, Épsilon, foi nada menos que a primeira banda de heavy metal de Lugo, e unha das primeiras de Galicia. O tema que gravaron foi “Déixao”, versión en galego dunha canción incluída nunha maqueta homónima de Épsilon gravada en 1986. No tema contan coa colaboración nada menos que de Aki Jacob, guitarrista solista e fundador da mítica formación lucense.

O dúo vigués Dioivo escolleu pola súa banda “Unha de guerra”, canción da banda viguesa de hardcore punk e thrash metal Desvirgheitors. Este tema foi inicialmente incluído na recompilación contra o servizo militar Deserción, de 1992, e, ao ano seguinte, no LP Desvirgheitors, o único lanzado pola histórica banda da cidade olívica. Eles tamén contaron con colaboración, esta vez, da baixista e fundadora Pili Dios, muller pioneira na escena viguesa e galega.

Mileth é unha banda de folk metal radicada tamén en Vigo, pero



fundada na Mariña lucense, bisbarra da que tamén procedía Nordés. Esta agrupación de folk dos 90, con decidida influencia rock, lanzou no seu momento dous álbumes, un dos cales incluía a canción “O palismocas”, versionada agora por Mileth na recompilación. A súa versión vén tamén acompañada dun videoclip, gravado por Diego Bea Besada en Marín.

Pneura, dúo de Verín que define o seu estilo como death crust experimental, elixiu para versionar a canción máis antiga e clásica: “Esta vida me va a matar”, do primeiro álbum de Los Suaves. Pouco se pode dicir a estas alturas da lendaria e pioneira banda de rock ourensá, que naceu no ano 1979 e cesou a súa actividade no ano 2016. O tema é un verdadeiro himno do rock galego e da vida do músico.

Pola súa banda, os ferroláns Schwarzenegger elixiron “Josemari”, de Consumatum Est. O trío de death metal contou na gravación coa axuda de Suso, vocalista da mítica banda Wisdom, tamén de Ferrrol e fundada a principios dos anos 90, década á que tamén pertence a canción versionada.

A banda de heavy metal coruñesa Somos Nos encargouse de versionar “Mal can che fodera”, lanzada en 1992 polos tamén coruñeses Mol. Este trío de hardcore punk e thrash metal ten un status mítico na cidade Herculina, lanzando ao

longo da súa traxectoria, particularmente nos anos 90, varias cassettes hoxe de culto para os afeccionados ao estilo.

Xerión é outra banda histórica do metal extremo galego, sendo fundada no 2001 en Ourense. Nesta recompilación versionaron “Necrofobia”, lanzada pola banda ourensá Detestor na súa maqueta homónima de 1992. Esta banda foi precursora doutra lendaria formación galega, neste caso para os amantes do death metal: Unnatural.

Finalmente, os vigueses Xhamain interpretaron “Endexamais”, versión en galego do tema “Never in Time” dos pontevedreses Nowhere. Este tema foi incluído nunha mítica e pioneira recompilación de bandas de metal galegas de 1997, Millenium Compilation. A banda cambiaría posteriormente o seu nome a To Nowhere.

Súmanse así, en total, 10 cancións de diferentes estilos e épocas do rock e o metal de Galicia. Toda unha proba da calidade e diversidade das que sempre gozou a música do país. A maioría das mesmas, cantadas en galego, como non podía ser doutro xeito, para celebrar o Día das Letras Galegas. De feito, moitas das bandas homenaxeadas, como Épsilon, Desvirgheitors ou Mol, foron pioneiras en levar a lingua galega ao metal, un estilo no que, naqueles anos, non era frecuente atopar gravacións nesta lingua.

Ardora e Demencia Sonora, sumando forzas no Pawnees MC de Vigo



O local do clube de motoristas Pawnees MC de Vigo acolleu un concerto das bandas Ardora e Demencia Sonora, organizado pola asociación local Vigo Metalheads. A pesar de terse celebrado nunha data na que coincidiu con varios concertos similares na área, supoñendo unha dura competencia para o evento, un nutrido grupo de asistentes acudiu ao local para desfrutar dunha gran noite de heavy metal e punk rock.

Vigo Metalheads é unha asociación fundada no pasado ano 2022. Defínense como «un grupo de amigos que apoiamos ás bandas da nosa terra», e xa teñen organizado varios concertos con ese obxectivo pola área de Vigo. Estes incluíron actuacións de bandas como Amenaza de

Muerte e Salavelatoria, das que xa vos falamos nas nosas páxinas, ou de Tálesien, organizada en colaboración con outras asociacións viguesas do ámbito. Ademais, teñen moitos máis concertos preparados, destacando o seu propio festival Vigo Metalheads.

Este último evento celebrábase a principios do vindeiro setembro, o venres día 1 e o sábado día 2 deste mes. Contará cos pontevedreses Brutal e os vigueses Arson Tides e novamente Ardora o venres, e cos vigueses Lethal Vice e Kuna de Odio e os coruñeses Arsian o sábado. As entradas xa están dispoñibles para a súa venta anticipada no propio Pub Transylvania, no bar Revolver, ou contactando coa asociación nas súas redes sociais. Teñen un prezo de 12 euros

as dun día e 20 euros as dos dous días.

Volvendo ao concerto que nos ocupa, toca comezar falando dos grupos en cuestión. Ardora, por unha banda, é unha agrupación formada recentemente en Vigo, e aínda non teñen gravacións editadas, pero xa teñen dado numerosos concertos pola área. Este cuarteto xa está preparando a súa futurible entrada no estudio para plasmar nel os seus temas, que se moven entre o heavy metal e o power metal máis propio da primeira onda do estilo e estando sempre escritos na lingua galega. A un nivel lírico, tratan principalmente temas relacionados con Galicia, como poden ser cuestións sociais ou tamén temas collidos da

mitoloxía galega.

Por outra banda, Demencia Sonora é unha formación de punk rock da parroquia viguesa de Freixo, e contan con máis de 15 anos de traxectoria. Aínda que tampouco teñen lanzamentos discográficos, si contan cunha longa traxectoria de concertos dados ao longo dos seus anos de existencia. Particularmente, no mítico festival Freixo Rock, que se celebra hoxe en día nesta parroquia de xeito bianual e do que o cuarteto é a banda anfitroa por excelencia, tendo participado na grande maioría das súas edicións.

O céntrico local da sección viguesa do club internacional Pawnees MC foi unha localización perfecta para un concerto destas caracterís-

ticas. A súa ambientación moteira e rockeira clásica encaixaba perfectamente coa música que as dúas bandas desatarían ao longo do evento. Non é excesivamente habitual ver concertos así nun local deste tipo en Vigo, polo que iniciativas como esta son moi benvidas para diversificar o abano de opcións das que dispoñen os afeccionados e as bandas de rock, punk e metal para dar concertos en Vigo con diferentes niveis de aforo.

Ardora foron os encargados de abrir a noite, co seu heavy/power metal clásico, no que predominaron as cancións a medio tempo típicas do estilo pero sen faltar outros ritmos aquí e acolá. As súas cancións combinan o protagonismo dos riffs heavys e os solos coa aguda e case operática voz do vocalista Soto, na liña do mellor heavy metal oitenteiro. Ademais, o frontman encargouse de manter unha constante interacción co público durante todo o espectáculo, animándoo e integrándoo na música do grupo tanto dende enriba do escenario como baixando del.

As cancións en galego interpretadas esa noite pola banda trataron temas diversos, que foron dende o da inmigración en Galicia, tan perenne coma actual, ata a praga da vespa velutina. Tamén houbo versións, como foi a súa interpretación da mítica «Maldito sea tu nombre» de Ángeles del Infierno, un tema vocalmente demandante para o que o que a voz do vocalista axustouse á perfección.



Os seus imposibles berros agudos foron, dende logo, do máis destacado da actuación. E, co público xa ben quente, non faltaron pogos, saltos e headbanging entre os asistentes.

Fixeron así excepción na cuestión do idioma para render tributo a esta banda estatal, cun tema que xa versionaran varios dos membros da formación na exitosa Master Metal Jam celebrada pouco atrás. O grupo aproveitou para lembrar este evento, organizado polas viguesas Fati de Suevia e Fabio de Infracumano, que xuntou a 250 persoas na viguesa sala Master 2 para ver a uns 50 músicos da escena da cidade versionar múltiples clásicos do rock e o metal internacionais. O evento reuniu a mem-

bras de todo tipo de bandas da zona, e foi un éxito rotundo esgotando as entradas e logrando un gran ambiente de confraternización entre rockeiros e metaleiros de todo tipo. Varios membros de Ardora participaron nela versionando múltiples cancións de distinta índole, dende o «Pull the plug» de Death ata o «Du hast» de Rammstein, pasando por este «Maldito sea tu nombre».

Demencia Sonora tomaría o relevo de Ardora no escenario do Pawnees. O cuarteto de Freixo practica un punk melódico e rápido que en ocasións chega rozar mesmo o hardcore punk máis clásico. Intercalaron ao longo de toda a noite os seus temas propios, pegadizos, sinxelos

e cantables a máis non poder, con toda unha serie de grandes clásicos do punk estatal que fixeron tolear ao público xa definitivamente, bailando e cantando sen cesar co grupo.

Na música punk da banda non faltaron tampouco as liñas de guitarra solista, os coros, e mesmo o dobre pedal na batería, sendo isto último unha característica máis propia de estilos do metal e do hardcore máis pesado que do punk rock. Este feito imprimía ás cancións máis potentes do grupo un extra de contundencia moi destacable.

Os de Freixo deron un espectáculo incansable e ininterrompido, como é habitual neles, dando un sorprendente número de bises e non abandoando o escenario ata que o público estivo plenamente saciado, xa ben superada a hora de finalización do concerto inicialmente previsible. Entre os clásicos interpretados polo grupo, especialmente cara ao final do concerto, atopáronse temas como o «No hay tregua» de Barricada ou o «Nos quieren detener» de Boikot, no que contaron, como é habitual nos seus concertos, coa colaboración de Quintas na voz. «Burgués, tu nunca entenderás los problemas de la calle»... Puros himnos.

Despois de perder a conta cos inesgotables e apoteósicos bises de Demencia Sonora, acabou chegando finalmente o remate do concerto. Toda unha gran noite de rock con estilos diferentes para demostrar o músculo e a variedade da escena da zona. Non esquezades agora apuntar a data para o festival Vigo Metalhads, onde isto, de seguro, repetirase por triplicado.



Gallego Común presenta o videoclip “1/2 rural”, pertencente ao seu novo EP

A banda morracense Gallego Común vén de lanzar o videoclip “1/2 Rural”, que fai parte do seu EP de debut Podía ser peor. A peza audiovisual, dirixida, gravada e editada por Sergio Prado de Eido Cinema, é definida polo propio grupo como “un retrato deformado de xente que dubida, modos de vida en colisión e vítimas e verdugos, conceptos que se adoitan confundir na etapa final do capitalismo”. Ten unha clara vontade caricaturesca, porque Gallego Común cre que “o sentido do

humor, ademais de revolucionario, é terapéutico; axuda a non tomarse demasiado en serio”.

O tema, xunto ao resto deste primeiro traballo discográfico, foi gravado, mesturado e masterizado polo moañés David Bleis, de Creoenmi Producciones. O disco inclúe cinco cortes, e foi presentado o pasado venres día 16 de xuño na Sala-Son de Cangas. A partir dese mesmo día, o EP estivo xa dispoñible tanto en formato físico como en todas as plataformas dixitais.

Música precaria para unha época confusa. Gallego Común, como eles mesmos explican, emerxeu hai agora un ano “das profundidades da comarca do Morrazo, para iniciar unha aventura musical por debaixo do underground coa idea de levantar acta desta época confusa a golpe de rock post bravú rudimentario”. Defínense a si mesmos como “catro tipos que fan o que poden, non o que lles gustaría: música precaria contra a imaxe distorsionada dos tópicos, para rirse dos chistes de ga-

llegos que non fan nin puta gracia”.

Decláranse tamén “amantes das folgas” e renegan “das verbenas coloniais e da empanada de cebola”. Din que se tivesen o que hai que ter “emigrarían porque seica se está ben aquí, pero hai que ir marchando”. E “dubidan da capacidade transformadora da música, polo que non chaman á rebelión nin ao baile”. Iso si, “como bos galegos, sempre están dispostos a vender a súa forza de traballo a quen queira contratalos”.



Naitinain presenta o disco “Pa que lo entiendas”

Naitinain é un proxecto musical fincado en Santiago de Compostela, que mestura pop e rock con sons experimentais provenientes da música tradicional galega, incorporando elementos como a gaita e a frauta. Ademais, o grupo expresa a través das súas letras unha mensaxe real e crúa sobre as emocións e situacións que calquera persoa pode experimentar na súa vida, especialmente atendendo ás inquietudes da mocidade de hoxe en día, da que forman parte.

Nacidos en 1999 (motivo que dá nome ao grupo), e sen ter moita idea de nada, Álvaro (voz), Óscar (gaita, baixo e frauta), Pedro (guitarra), Unai (guitarra) e Carlos (batería) comezan, en 2018, facendo unha versión cancións e facendo pequenos concertos para o seu círculo próximo.

Co paso do tempo a idea de darlle unha nova vida aos sons tradicionais da cultura galega, a través do rock alternativo, vaise facendo máis presente, e desta forma nace o seu primeiro proxecto en 2020. A través

dun EP de seis cancións en inglés, idioma escollido de forma case instintiva, dan os seus primeiros pasos no mundo da música, tendo unha boa recepción a nivel local.

É a partir do ano 2021 cando a banda decide renovar o seu concepto e expresarse en castelán, coa intención de facilitar a comunicación co seu público e transmitir de forma máis sinxela e directa a mensaxe das súas letras, comezando a traballar no seu novo proxecto Pa que o entendas.

Os singles presentados ao longo

do 2022, permiten ao grupo xerar un maior impacto, dándolles a oportunidade de presentar a súa música en escenarios como o Festival da Luz ou a sala Malatesta, entre outros.

É agora en 2023 cando a base e a aprendizaxe obtida xúntanse para dar forma ao proxecto máis importante de Naitinain, caracterizado por un estilo musical máis traballado; que chega directo ao corpo do que escoita, que se fai entender en por si, descarado e para todos os oídos.



ROUCCO SON

falamos de rock en galego

Grupos en Loita denuncia que non se celebrase o festival Rock in Vigo prometido polo Concello



A plataforma de artistas musicais Grupos de Vigo en Loita denuncia que o Concello de Vigo incumpriu a súa promesa de organizar e celebrar o festival Rock in Vigo de bandas viguesas e galegas. O alcalde Abel Caballero anunciou que este tería lugar na Porta do Sol os días 9, 10, 11 e 12 de xuño, coincidindo cos días previos ao concerto que Guns N' Roses deu precisamente o luns 12 de xuño en Balaídos. Porén, o evento non se celebrou, sen que se dese ningunha información ao respecto e sen que se tivese contactado con ningunha banda viguesa ou galega para participar en dito festival.

Grupos de Vigo en Loita lembra que “nunha reunión entre a plataforma e a concelleira de Xuventude a principios de 2022, a única reunión con alguén do Concello que se nos concedeu a pesar das nosas reiteradas peticións, María del Carmen Lago Barreiro prometeunos que habería bandas locais na programación de concertos do Concello ese verán”. Porén, “esa promesa, como o resto dos compromisos que adquiriu ese día, non se cumpriu, polo que o seguimos reivindicando ininterrompidamente ata o día de hoxe, razón pola que entendemos que Abel Caballero fixo no seu momento a promesa de facer o Rock in Vigo”, sinalan.

“Que o festival non se fixese, polo tanto, tampouco nos colle de sorpresa, xa que as promesas que Caballero lles fai aos grupos de Vigo, como cando estivo meses anunciando falsas datas de reapertura de Vigosónico, son sempre papel mollado”, afondan dende a plataforma. Polo tanto, anuncian que seguirán “esixindo ao Concello que celebre o evento tal e como o prometeu ante todas as viguesas e vigueses en Tele-vigo”, xa que “só mantendo a loita e a protesta de xeito continuado é como se conseguen as cousas con este Goberno municipal, como xa demostramos co tema das salas de ensaio”.

Dende o colectivo de artistas musicais de Vigo lembran que “a cantidade de grupos galegos locais, e particularmente se fan estilos como o rock, que ten participado en eventos musicais organizados polo Concello nos últimos anos é tremendamente escasa”. Ademais, apuntan a que hai “unha notable ausencia de festivais de rock en Vigo”. Despois de anos en que os seguidores de estilo sinalaban esta carencia, o Concello impulsou de xeito efémero o Festival de Rock Concello de Vigo, que só se celebrou durante tres anos entre 2017 e 2019, pero este non estivo exento de críticas.

Sobre esta iniciativa, Grupos de Vigo en Loita considera que “era

moi cativa, cun só día de concertos no IFEVI cunhas poucas bandas estatais e na que ao longo da súa historia só tocaron 3 bandas de vigo ou galegas, nin unha máis”. Lembran ademais que “este festival palidecía totalmente en comparación a iniciativas previas no propio IFEVI, como o memorable festival Alternavigo, que no seu momento contara co apoio da Tenencia de Alcaldía do BNG no primeiro Goberno de Caballero en 2008 e 2009, pero que morreu por falla de apoio institucional”.

No caso dos concertos de Castrelos, que rara vez levan teloneiros locais xa que, en palabras do alcalde, “yo salgo máis barato”, os exemplos tamén son moi escasos, e os que hai adoitan ser de bandas viguesas xa moi consolidadas, como foi o caso de Aphonic teloneando a Anthrax en 2016. Grupos de Vigo en Loita anuncia que levará a cabo accións nas próximas semanas para continuar a reivindicar a celebración do festival Rock in Vigo e en xeral a participación de bandas locais na programación musical do Concello.

“Mentres o Concello pretendía poñer 2 millóns de euros de diñeiro público no peto da promotora de Guns N' Roses mediante un concurso feito a medida contra o que xa foron anunciadas diversas accións legais, para cumprir a súa promesa

coas bandas de Vigo destinou 0 euros e 0 recursos”, critican dende Grupos de Vigo en Loita. “Finalmente, nin sequera iso lle saíu ben, xa que se tiveron que botar atrás neste concurso por un suposto erro burocrático, e agora, as propias promotoras do concerto convocaron rolda de prensa para anunciar accións legais contra o Concello”, lembran respecto do comunicado de prensa recentemente lanzado por Live Nation e Sweet Nocturna.

“Aínda que as promotoras decidiron seguir adiante co concerto, con Caballero desentendéndose despois de terse intentado apuntar o tanto do mesmo e non facendo ningunha declaración ao respecto en semanas, a actuación do Concello puxo en risco as entradas adquiridas por máis de 25.000 persoas co seu xeito de actuar”, sinalou a plataforma. “Nós xa estamos acostumados a que as promesas do Concello non sexan verdade, polo que xa sabíamos que o Rock in Vigo non se ía realizar ao non ter sabido de ninguén que fose contactado para tocar nel, pero celebrámos que, polo menos, o concerto de Guns N' Roses si que se levase a cabo”, engaden. Para concluír, Grupos de Vigo en Loita afeou de novo “a improvisación, os bandazos e a falta de compromiso no xeito de actuar do Goberno local”.

Para Entrar a Vivir saca o seu primeiro traballo, que axiña presentará ao vivo

Para Entrar a Vivir, unha banda de pop rock de nova creación pero que conta con vellos coñecidos da escena nas súas filas, vén de lanzar o seu primeiro traballo, un miniálbum homónimo de 8 cancións que axiña comezarán a presentar ao vivo. O propio grupo define as cancións deste disco como «básicas no enfoque conceptual pero profundas no musical», e, con elas, prometen darnos «un concerto enérxico e fluído ao mesmo tempo».

A banda está formada por Daniel Vidal á voz principal e guitarra, Willy Prada ao baixo e Víctor Franco á batería, músicos cunha ampla traxectoria na escena musical de Vigo e arredores. Con anos de experiencia ás súas costas, decidiron unir forzas para dar vida a este novo proxecto, no que practican pop rock e indie rock, con

influencias tamén do blues rock. Manifestan pois a súa intención de «fusionar influencias do rock clásico e do contemporáneo». A un nivel lírico, o repertorio da banda, formado por cancións orixinais, aborda «temas universais e emocións humanas».

Con novos concertos previstos para os próximos meses, as datas dos mesmos será anunciadas axiña, segundo indican dende o grupo e dende a súa promotora WPrada Eventos. «Estamos encantados de presentar as nosas novas cancións e compartir a nosa paixón pola música con toda a xente posible. O noso obxectivo é crear unha boa conexión co público a través da nosa música, e esperamos que cada nota resoe nos seus corazóns e os inspire a seguir os seus propios soños», sinalan.



Inquisiciones, o novo de Conducto Coloquio cun feixe de colaboracións da escena luguesa

O grupo de blues rock lucense Conducto Coloquio lanzou o seu novo álbum, Inquisiciones, o pasado día 5 de xuño. O disco atópase xa nas principais plataformas dixitais, así como no perfil de Bandcamp do grupo. O seu lanzamento foi posible en boa parte grazas á exitosa campaña de micromece-nazgo realizada pola banda a principios deste ano. Cabe mencionar que neste traballo se inclúe "Agradecida", o primeiro tema en galego dos de Lugo e que foi adiantado nas súas redes sociais con motivo do pasado Día das Letras Galegas 2023.

Con este novo traballo, Conducto Coloquio celebra o fito cumprido de levar 10 anos en activo como banda neste 2023. Trá-

tase dun disco máis ecléctico que os dous anteriores, o álbum Germinal, de 2015, e o EP Distopía de 2018. Mantendo a esencia blues rock do grupo, o son do novo traballo "foi cara diversos lugares, dende o ska punk ata o rock psicodélico ou a música latina, e por momentos achegouse ao rap, o soul ou o rock alternativo", indican dende a propia banda. Unha das razóns que contribuíu a que este abano de estilos se plasmara axeitadamente en Inquisiciones foi a participación na súa gravación dun feixe de coñecidos músicos e cantantes da escena luguesa, algúns dos cales xa tiña colaborado co grupo no pasado.

As colaboradoras e colaboradores foron as seguintes: Mar López nos coros, Cristina Nogueira (Lu-

cus Ensemble) no cello, Silvia Viñas (Jotinho's, Lonely Tracks, Ship of Fools, Chigliak&Orol, Wireless, Mr. Hathaway, The Corporation, Mixtape, Fast Food) na voz, Luis Montero (Patuk Band, Venezia) no saxofón, Roberto López Valdés (Max 2000, Ciudad de Lugo, Salsabanda, Madeira, Emperadores, El Combo Dominicano, Almirantes, Costa Dorada, La Florida Band) na trompeta, Sara Nebra (M82, Janie's Gun, Orfeón Lucense, Nebra) na voz, Beelattor (SUD-AK's) na voz, Fran Zélop (Una brizna de paja, Filophóbicas, Condensadores de Fluzo) na voz, Javier Chousa (No Nation, Arizona, Salsarena) na guitarra, Nacho Cuesta (Principio de Parsimonia, Tierra de Cinco Minutos, Sigilu) na voz, e Iván Ferro (Dissapoiment,

Ictvs, Desert Icon, El Ego, Khmer, Negarte) na guitarra.

A gravación e mestura foi tarefa do propio Iván Ferro nos seus Kollapse Studio de Lugo, e a masterización, de Steve Corrao en Sage Audio. As artes gráficas foron finalmente, "tras un circunstancial cambio de plans" como sinala a banda, obra de Lea Escudero e Vanessa So-moza. A formación de Conducto Coloquio que gravou este disco é a que xa leva consolidada dende hai varios anos: no baixo, Lea Escudero (Resbalón); na voz e na guitarra, Miguel Bello (Resbalón, La Penúltima, Wicked World, Queen pro Quo, Condensadores de Fluzo, Fast Food, Arizona, Ringdown); na batería, Víctor (Skullkrusher, Kalte Sonne, Märela, Hänselus); na guitarra: Luis "Bedu" Pérez (Psicolepsia, Tierra de Cinco Minutos, Mustélicos, Condensadores de Fluzo, Lagarto Zulú); e nos teclados, Andrés Haensel (Los Mangosaurios, Ganjah Roots, Los Zorros, Hänselus, Los Revelators).

Para difundir este traballo, Conducto Coloquio realizará un concerto de presentación en Lugo xunto a algúns dos colaboradores do disco. A data do mesmo aínda non foi anunciada, pero dende a formación sinalan que este terá lugar a finais de verán ou principios de outono e que revelarán o día exacto "chegado o momento". Esta actuación servirá para o lanzamento de Inquisiciones en formato físico. A banda presentou así mesmo un videoclip para o tema "Deshaucio (la casa del caracol)", que conta cunha introdución coa voz de Paco Nieto e coa participación nos coros de Mar López, unha colaboradora habitual do grupo en varios traballos.

